

MEMORIA

**DEPARTAMENTO DE
XEOGRAFÍA E HISTORIA**

CPI ATIOS



**CPI de ATIOS
Valdoviño**

CURSO 2022 - 2023

1. Introducción	2
1.1. Composición do Departamento	2
1.2. Marco Normativo	3
2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos .	4
2.1. Da Ensinanza Secundaria	4
2.2. Obxectivos por materias	6
2.2.1. Xeografía e Historia.....	6
2.2.1.1. 1º e 3º da ESO.....	6
2.2.1.2. 2º e 4º da ESO.....	9
2.2.2. Economía.....	10
2.2.3. Cultura Clásica	12
2.2.4. Valores Éticos 2º e 4º da ESO	13
2.2.5. Proxecto Competencial 1º e 3º da ESO	14
2.2.6. Educación en Valores	15
3. Accións realizadas	16
4. Modificacións da Programación Didáctica.....	17
5. Resultados académicos	17
6. Análise dos resultados	20
7. Dificultades atopadas.....	22
8. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso	23
9. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento.....	23
10. Plan de revisión da programación e doutros aspectos organizativos previstos para introducir cara o vindeiro curso.....	23
11. Avaliación da práctica docente.....	24
12. Outros aspectos de interese.....	25
13. Principais conclusións	25

1. Introducción

O presente documento recolle a memoria do Departamento de Xeografía e Historia do CPI Atios, en Valdoviño, correspondente ao curso académico 2022 - 2023.

No presente curso 2022 - 23, o número de alumnas/os de ESO do CPI Atios aos que lle impartirá docencia este departamento, é de 190 repartidos en 10 grupos: 2 grupos de 1º, 3 de 2º, 3 de 3º e 2 de 4º.

En 1º da ESO, hai un total de 37 alumnos/as. En 2º da ESO, hai un total de 62 alumnas/os. En 3º da ESO, hai un total de 42 alumnos/as. E en 4º da ESO, hai un total de 49 alumnas/os.

1.1. Composición do Departamento

O Departamento de Xeografía e Historia conta cun profesor e unha profesora de Ensinanza Secundaria con destino definitivo, sendo o profesor o Director do centro. Incorporarase tamén un docente con destino provisional.

Don Antonio Cebreiro Melero, Director do centro, que impartirá a materia de Xeografía e Historia dun grupo de 1º da ESO.

A Xefa de Departamento será Vanessa Pita Santalla, que impartirá Xeografía e Historia, de dous grupos de 3º da ESO e dos dous de 4º da ESO, ademais de Cultura Clásica de 3º da ESO. Exercerá así mesmo as funcións de titora dun grupo de 4º da ESO. Levará ademais, a Coordinación do Equipo de Dinamización Lingüística.

Don Juan Coira Pociña, impartirá Xeografía e Historia nun grupo de 1º da ESO e nos tres de 2º da ESO, así como Economía e Educación en Valores de 3º da ESO. Exercerá así mesmo as funcións de titor dun grupo de 1º da ESO.

Debido a que non se dispoñen de máis horas para impartir as restantes de Valores Éticos, e de Proxecto Competencial nos cursos LOMLOE, que se asigna a este departamento, recaerán noutro profesorado de distinto departamento:

- Dona Alicia González Alonso, do Departamento de Plástica, impartirá Proxecto Competencial en 1º da ESO e 3º da ESO.

- Dona María Dolores Otero Mariñas, do Departamento de Lingua Inglesa, impartirá Valores Éticos nos grupos de 2º da ESO.

- Don Alejandro Cadarso Vázquez, do Departamento de Lingua Inglesa, impartirá Valores Éticos nos grupos de 4º da ESO.

1.2. Marco Normativo

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21-07-2015)

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).

Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que se terá en conta para criterios de promoción e titulación.

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos

2.1. Da Ensinanza Secundaria

Obxectivos	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.		*	
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.		*	
Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas		*	

por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.			
Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.		*	
Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.		*	
Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.		*	
Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.		*	
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.		*	
Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.		*	
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.		*	
Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do		*	

deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.			
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.		*	
Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.		*	
Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.		*	

Dende este Departamento, temos unha visión realista, e é por iso que entendemos que calquera destes obxectivos están parcialmente acadados. Ben sexa porque o alumnado que está nos primeiros cursos, están iniciando a súa andadura, ben sexa porque o alumnado que está nos últimos, e remata esta etapa con nós, ten aínda por diante outras etapas, nas que rematará de madurar, e adquirir as destrezas e competencias, que pecharán definitivamente estes obxectivos.

2.2. Obxectivos por materias

2.2.1. Xeografía e Historia

2.2.1.1. 1º e 3º da ESO

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	1º ESO	3º ESO

<p>- Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.</p>	<p>A</p>	<p>A</p>
<p>- Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común</p>	<p>A</p>	<p>A</p>
<p>- Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.</p>	<p>PA</p>	<p>PA</p>
<p>- Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.</p>	<p>A</p>	<p>A</p>
<p>- Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social</p>	<p>PA</p>	<p>PA</p>

<p>- Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.</p>	<p>A</p>	<p>A</p>
<p>- Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	<p>PA</p>	<p>A</p>
<p>- Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna</p>	<p>PA</p>	<p>A</p>
<p>- Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.</p>	<p>PA</p>	<p>A</p>

Facemos a mesma anotación ca nos Obxectivos Xerais da ESO, non todos están conseguidos, pero si nun grao importante.

Aqueles que se rexistran como Non Acadados, é debido a que nos cursos que non se acadaron, non se imparten as ensinanzas relacionadas co obxectivo.

2.2.1.2. 2º e 4º da ESO

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	2º ESO	4º ESO
- Identificar as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais, e culturais, para comprender o pasado e as sociedades actuais	A	A
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos	A	A
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan	A	A
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeo-económicas e os trazos físicos e humanos das rexións do mundo, facendo especial fincapé en Europa, España e Galicia	PA	A
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos mais relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencias, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade	A	A
- Valorar a diversidade das sociedades humanas, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas	PA	A
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da Revolución Industrial	NA	A
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade sociocultural, para aprender a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico	A	NA

- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as CCSS para aumentar a precisión no uso da linguaxe e enriquecer a comunicación	A	PA
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de diversas fontes. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible	A	PA
- Valorar a construción histórica do coñecemento científico e o desenvolvemento social	A	A
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como vía para a solución de problemas humanos e sociais	PA	A
- Resolver problemas e levar a cabo estudos e investigacións escolares aplicando os conceptos, técnicas e procedementos básicos da indagación característicos das CCSS	PA	PA
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición para a paz	A	A
- Promover a participación na sociedade galega e española con plena conciencia dos seus dereitos e deberes	A	A

Facemos a mesma anotación ca nos Obxectivos Xerais da ESO, non todos están conseguidos, pero si nun grao importante.

Aqueles que se rexistran como Non Acadados, é debido a que nos cursos que non se acadaron, non se imparten as ensinanzas relacionadas co obxectivo.

2.2.2. Economía

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

	Grao de cumprimento
Obxectivos / Cursos	4º ESO
- Explicar a Economía como ciencia social	A

valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns	
- Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos	A
- Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades	A
- Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como as interrelacións das empresas coa súa contorna inmediata	A
- Analizar as características principais do proceso produtivo	A
- Identificar as fontes de financiamento das empresas	A
- Determinar para un caso sinxelo a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio	A
- Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais	A
- Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas co benestar propio e social	A
- Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos	A
- Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado así	A

como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución	
- Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público	A
- Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda	A
- Diferenciar as magnitudes de tipos de interese, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas	A
- Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego	PA
- Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente	PA

2.2.3. Cultura Clásica

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

	Grao de cumprimento
Obxectivos / Cursos	3º ESO
- Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	A
- Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.	A
- Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina	A

para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.	
- Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	A
- Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	A
- Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	A

2.2.4. Valores Éticos 2º e 4º da ESO

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	2º ESO	4º ESO
- Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións	A	PA
- Realzar a dignidade persoal e a realización plena como persoas	PA	A
- Promover as relacións sociais	PA	A
- Desenvolver a idea de xustiza tanto na relación con outras persoas como no interior dun mesmo	PA	A
- Favorecer o desenvolvemento do alumno/a no	PA	A

relativo ás súas capacidades intelectivas e emocionais		
- Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos	PA	A
- Fomentar a consolidación da autoestima, dignidade persoal, liberdade e participación democrática como cidadán ou cidadá	PA	A
- Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz	PA	A
- Potenciar a autonomía para acadar o seu propio desenvolvemento, a construción do seu pensamento e proxecto de vida	PA	PA
- Asumir de xeito crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control da súa existencia	A	A
- Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social	A	A
- Desenvolver o espírito crítico e argumentativo	A	A

2.2.5. Proxecto Competencial 1º e 3º da ESO

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

	1º ESO	3º ESO
Obxectivos / Cursos		
- Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	A	A
- Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	A	A
- Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación	A	A

adequadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.		
---	--	--

2.2.6. Educación en Valores

	Grao de cumprimento
Obxectivos / Cursos	3º ESO
- Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconecemento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	PA
- Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	PA
- Entender a natureza interconectada e interecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.	PA
- Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	PA

3. Accións realizadas

As accións realizadas nas diferentes materias e niveis para acadar os obxectivos propostos na programación foron as seguintes:

Uso dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos.

Lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederáse á conseguinte explicación por parte do/da docente, enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Realización de traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciación das estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita - prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezouse sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación déronse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentouse atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas.

Realizáronse distintas probas escritas que lle obrigarán ao alumnado a estudar a materia para adquirir os estándares mínimos de aprendizaxe e poder acadar as competencias e obxectivos.

Realizáronse actividades de xeito virtual, e procurouse en todo momento poder chegar ao alumnado da maneira máis clara, para que puideran seguir coa súa aprendizaxe. Así, utilizouse a Edixgal este curso xa para toda a ESO.

Tamén se realizaron actividades extraescolares e complementarias, como foron:

- Obradoiro de Prehistoria co alumnado de 1º da ESO o martes 21 de marzo, coa Asociación Árbore.

- Charla de Arqueoloxía co alumnado de 1º da ESO o martes 28 de abril.

Charla da arqueóloga Vanesa Trevín Pita para o alumnado de 1º explicando as súas experiencias no campo no que traballa.

- Saída a Lugo co alumnado de 1º da ESO, Cultura Clásica e Latín, o xoves 4 de

maio.

Visita ao Castro de Viladonga e cidade de Lugo, guiada por un guía profesional para ver os restos romanos da cidade.

- Saída á Capela co alumnado de 4º da ESO.

Visita ao Museo Etnográfico da Capela e ruta guiada polo profesor do Dpto. Juan Coira Pociña, polas Fragas do Eume.

- Saída a Compostela co alumnado de 2º e 3º da ESO.

Visita á cidade de Compostela e catedral por parte do alumnado de 2º da ESO, con actividades guiadas polo profesor Juan Coira Pociña. Visita á cidade e ao Parlamento de Galicia por parte do alumnado de 3º da ESO, con actividades guiadas pola profesora Vanessa Pita Santalla.

4. Modificacións da Programación Didáctica

Nas materias impartidas por este Dpto. non houbo variacións durante este curso, cumprindo co que estaba previsto.

5. Resultados académicos

Xeografía e historia. 1º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
95	5	90	10	89	11	89	11

Xeografía e historia. 1º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
88	11	94	6	94	6	100	0

Xeografía e historia. 2º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
91	9	91	9	91	9	91	9

Xeografía e historia. 2º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
75	25	71	29	76	24	80	20

Xeografía e historia. 2º ESO C							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
94	6	94	6	100	0	100	0

Xeografía e historia. 3º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
90	10	67	33	81	19	86	14

Xeografía e historia. 3º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
94	6	81	19	100	0	100	0

Xeografía e historia. 4º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
78	22	89	11	93	7	89	11

Xeografía e historia. 4º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
59	41	68	32	95	5	82	18

Economía. 4º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Cultura Clásica. 3º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Cultura Clásica. 3º ESO C							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
67	33	67	33	67	33	67	33

Proxecto Competencial. 1º ESO A							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Proyecto Competencial. 1º ESO B							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 2º ESO A							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 2º ESO B							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 2º ESO C							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Proyecto Competencial. 3º ESO B							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Educación en Valores. 3º ESO A							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Educación en Valores. 3º ESO B							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Educación en Valores. 3º ESO C							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 4º ESO A							
1ª avaluación		2ª avaluación		3ª avaluación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 4º ESO B							
1ª avaliación		2ª avaliación		3ª avaliación		Final	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0	100	0


Pendientes. Xeografía e historia					
1º ESO		2º ESO		3º ESO	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	--	--

Pendientes. Cultura Clásica					
1º ESO		2º ESO		3º ESO	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
--	--	--	--	100	0


6. Análise dos resultados

En xeral, os resultados poden considerarse moi bos, posto que en case tódalas materias e cursos a porcentaxe de aprobados supera o 80 %.


Con respecto ao curso anterior (2021-22), engadimos unhas gráficas comparativas, nas que se amosa a porcentaxe de aprobados, podendo apreciar así, a evolución ou involución do alumnado dun curso para outro.




Nesta materia de **Xeografía e Historia**, podemos observar como os resultados de de tódolos cursos empeoran lixeiramente, coa excepción de 4º da ESO, que mellora.




Na materia de **Economía** podemos observar exactamente o mesmo resultado óptimo de 100% de aprobados.



Na materia de **Cultura Clásica** podemos observar unha mellora.



Na materia de **Valores Éticos**, vemos resultados idénticos nos dous cursos.



Con respecto á materia pendente de **Xeografía e Historia**, vese unha mellora en xeral, aprobando tódalas persoas que a tiñan pendente.

Igualmente coa materia de Cultura Clásica que estaba pendente, da que xa non elaboramos gráfica.

7. Dificultades atopadas

Na materia de **Xeografía e Historia de 1º da ESO**, a principal dificultade foi a falta de coñecementos previos de parte do alumnado, que retardou o ritmo das clases; a ese alumnado aplicóuselle reforzo educativo.

Na materia de **Xeografía e Historia de 2º da ESO**, non se atoparon dificultades significativas.

Na materia de **Xeografía e Historia de 3º da ESO**, non se atoparon dificultades significativas.

Neste curso, a dificultade foi encaixar o currículo da LOMLOE, con parte do anterior, posto que se non se tocara nada do anterior, este alumnado non vería en ningún momento a Idade Moderna.

Na materia de **Xeografía e Historia 4º da ESO**, as habituais de todos os cursos, diferentes ritmos de traballo, comprensión, etc. E sobre todo temarios amplos e pouca carga horaria para os mesmos.

En **Economía**, non se atoparon dificultades destacables, posto que o alumnado estaba implicado e interesado.

Na materia de **Cultura Clásica**, si que se atoparon dificultades: había alumnado con NEE, o resto do alumnado era moi dispar, ao vir de grupos moi diferentes: aquel alumnado que tiña mellores capacidades, deixábase arrastrar polo ritmo de traballo lento do que as tiña peores. E o alumnado procedente de PMAR, nunca ou case nunca tiña unha boa predisposición ao traballo nin ao esforzo.

Na materia de **Valores Éticos** falta de tempo para afondar nos temas, pero polo xeral foi satisfactorio.

Na materia de **Proxecto Competencial**, tanto en 1º coma en 3º da ESO, de nova implantación este curso, resultados moi satisfactorios.

Así como na materia de **Educación en Valores** de 3º da ESO.

8. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso

Durante este curso obtivemos uns resultados bastante satisfactorios, polo que inicialmente non facemos ningunha proposta de mellora relevante, a non ser as pertinentes a actividades máis interactivas para o alumnado e incrementar as saídas extraescolares que sempre lles agradan.

9. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento

O curso pasado, non nos marcamos ningunha proposta de mellora significativa, posto que seguiremos traballando na mesma liña e procurando mellorar en puntos que vaiamos detectando coma problemáticos ao longo do curso.

10. Plan de revisión da programación e doutros aspectos organizativos previstos para introducir cara o vindeiro curso

En canto ao plan de revisión da programación, o proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. **Avaliación inicial**: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. Foi realizada como fase previa á elaboración da programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Conseguiuse a través das avaliacións iniciais de cada curso, e tamén adaptándoa ás dificultades atopadas co decorrer do tempo.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os membros, foron valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados puideron ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, as modificacións realizadas, fixéronse constar na acta das reunións.

III. Avaliación Final: Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar as distintas fases de avaliación e poder detectar as posibles modificacións, os membros do Departamento no seu conxunto valoraron os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e unha enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado. Conseguiuse tamén, a través do feedback co propio alumnado.

Para o vindeiro curso, sería moi recomendable e necesario, planificar actividades máis achegadas ao alumnado e levar a cabo actividades extraescolares e complementarias máis a miúdo.

11. Avaliación da práctica docente

A avaliación da práctica docente fíxose a través da reflexión dos seguintes indicadores de logro:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguíuse motivar ao alumnado
- conseguíuse unha participación activa
- conseguíuse comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- potenciáanse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécese os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

Ademais destes indicadores, tamén se realizou unha enquisa que foi facilitada ao alumnado. Dita enquisa formulaba as seguintes cuestións, puntuando do 1 ao 10:

- Cumprimento do horario (puntualidade)
- Mantemento da orde na clase
- Motivación e interese polo alumnado e a materia
- Clima de traballo na aula
- Libros, materiais, recursos didácticos
- Claridade de exposición
- Organización e ritmo de traballo
- Capacidade de transmitir coñecementos
- Sistema de avaliación
- Que actividades que non se fixeron, pensas que se deberían de facer?
- Pensas que se podería mellorar algo?

En canto á enquisa realizada polo alumnado, non é moi significativa, posto que non moitas persoas a contestaron. A pesares de ser un curso virtual nunha parte importante, o alumnado practicamente non contestou, polo que tampouco podemos obter grandes conclusións.

Aínda así, tanto nos indicadores de logro, facendo unha autoavaliación, coma na enquisa realizada polo alumnado, obtemos uns bos resultados en todas as materias.

En canto aos indicadores, o máis frouxo é a participación activa do alumnado, por iso, é unha das propostas de mellora que pensamos en introducir paulatinamente dende o vindeiro curso, utilizar metodoloxías máis activas, que o alumnado sexa máis protagonista, e que se implique máis por propio interese.

Entre as cousas que demanda o alumnado, atópanse traballos prácticos para expoñer ao resto da comunidade escolar, saídas didácticas, debates, máis exercicios, mellorar o comportamento do propio alumnado...

12. Outros aspectos de interese

Noutros aspectos de interese queremos deixar constancia da boa acollida que tiveron as actividades extraescolares e complementarias que se levaron a cabo dende o Dpto., este curso xa con total normalidade.

13. Principais conclusións

Chegados a este punto, as principais conclusións extraídas son as seguintes:

- os obxectivos marcados ao inicio do curso acadáronse na práctica totalidade, cun grao de cumprimento medio aproximadamente

- as accións realizadas foron as previstas a inicio de curso, agás aquelas que non se puideron realizar por falta de tempo, comportamento inadecuado do alumnado ou materiais pouco axeitados

- as modificacións introducidas foron mínimas ou inexistentes

- os resultados académicos foron bastante satisfactorios

- as principais dificultades foron temarios extensos, dispoñibilidade de poucas horas lectivas, grupos moi heteroxéneos con características específicas...

- a avaliación da práctica docente fálanos dunha necesidade de actividades fóra da aula, dun maior control dos comportamentos demandado polo propio alumnado e da realización de un maior número de actividades interactivas

Deste xeito, o Departamento de Xeografía e Historia do CPI Atios de Valdoviño, remata o curso satisfactoriamente, e tomando nota dos cambios a realizar en vindeiros cursos para unha maior e mellor consecución de obxectivos.

Valdoviño, xuño de 2023

PROFESORADO

Vanessa Pita Santalla

Antonio Cebreiro Melero

Juan Coira Pociña

Alicia González Alonso

M^a Dolores Otero Mariñas

Alejandro Cadarso Vázquez